

OBRADOIROS  
DE CREACIÓN

# ARTESANÍA / DESEÑO

CARLOS DÍEZ/  
CARLOS MANUEL FONTALES  
deseñador de moda\_ cesteiro

AMERICAN PÉREZ/  
ANNA CHAMPENEY  
deseñadores de moda\_ tecelá

NANDO CORNEJO (potipoti)/  
IDOIA CUESTA  
deseñador de moda\_ cesteira

Facultade de Belas Artes de Pontevedra  
4, 5, 6 de XULLO 2011

OBRADOIROS  
DE CREACIÓN

# ARTESANÍA /DESEÑO

CARLOS DÍEZ/  
CARLOS MANUEL FONTALES  
deseñador de moda\_ cesteiro

AMERICAN PÉREZ/  
ANNA CHAMPENEY  
deseñadores de moda\_ tecelá

NANDO CORNEJO (potipoti)/  
IDOIA CUESTA  
deseñador de moda\_ cesteira

Facultade de Belas Artes de Pontevedra  
4, 5, 6 de XULLO 2011

Dirixe: Lola Dopico Aneiros  
Coordina: Rocío Gómez Juncal, Cristina Varela Casal,  
Silvia García González  
Organizan: Grupo de Investigación DX7 da Universidade de Vigo  
ESEMGA

ESEMGA,  
Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza  
Facultade de Belas Artes de Pontevedra  
Maestranza 2, 36002 Pontevedra  
T. 986801833  
info.esdemga@uvigo.es

O valor de un obxecto único, realizado por expertas mans artesáns, estase a converter nun luxo. A artesanía reinterpretada por deseñadores e artistas aporta un valor engadido ás pezas que resultan dun novo desenvolvemento no eido do deseño e da artesanía.

O feito á man, como determinante no proceso de diferenciación, como instrumento de materialización de pezas únicas e exclusivas, permite ós deseños dos creadores novos a posibilidade de revalorización, de achegarse ó deseño desde unha visión experimental e innovadora, e á vez, achegada á herdanza do saber facer dos seus ancestros.

Estos obradoiros pretenden ser unha cita onde crear unha linguaxe común entre deseñadores, artistas e artesáns, na que a convivencia e o traballo común resulte en obxectos, prendas, ou tratamentos de materiais novedosos, facendo unha aposta pola mestizaxe e a creatividade.

A facultade de Belas Artes de Pontevedra, no contexto dos Estudos Superiores en Deseño Téxtil e Moda de Galiza, é o lugar idóneo, para albergar durante tres días a artesáns, deseñadores e alumnos de arte e deseño, para que desde a súa visión da tradición, plantexen unha reflexión en forma de "obxectos de deseño" que brinden un achegamento baseado no coñecemento do patrimonio tradicional e histórico.

## LUNS, 4 DE XULLO

**10:00 h.**

*Casa das Campás ( en aberto)*

20 imaxes x 20 minutos

Presentacións do traballo dos profesionais que impartirán os obradoiros, e das propostas que realizarán nos mesmos.

**12:30h.** Descanso

**13:00h.**

*Facultade de Belas Artes*

Presentación de cada obradoiro

**14:30h.** Comida

**16:00 - 19:00h.**

*Facultade de Belas Artes*

Obradoiros

1. Carlos Díez/ Carlos Manuel Fontales
2. American Pérez/ Anna Champeney
3. Nando Cornejo/ Idoia Cuesta

## MARTES, 5 DE XULLO

**10:00- 14:00h./ 16:00 - 19:00h.**

*Facultade de Belas Artes*

Obradoiros

1. Carlos Díez/ Carlos Manuel Fontales
2. American Pérez/ Anna Champeney
3. Nando Cornejo/ Idoia Cuesta

## MÉRCORES, 6 DE XULLO

**10:00 - 14:00h.**

*Facultade de Belas Artes*

Obradoiros

1. Carlos Díez/ Carlos Manuel Fontales
2. American Pérez/ Anna Champeney
3. Nando Cornejo/ Idoia Cuesta

**16:00 - 19:00h.**

*Facultade de Belas Artes*

Presentación resultados intergrupais

## CARLOS DÍEZ/ CARLOS FONTALES



### Carlos Díez

Deseñador cunha ampla traxectoria no mundo da moda, en 2004 comeza a desfilar na actual Cibeles Madrid Fashion Week, onde obtivo en 2006 o premio ao Mellor Deseñador. O seu estilo, radical e alternativo, recrea unha estética masculina e de vangarda. Nado en Bilbao, pero establecido en Madrid, onde ten o seu estudio- taller, colaborou con grandes deseñadores, como Antonio Alvarado, ademáis de deseñar para outras empresas de moda, pel e punto, e contar con clientes como Lois, Jocomomola, Nike, Converse, etc.

<http://carlosdiezdiez.com/>



### Carlos Fontales

Desde o seu taller de cestería en Lugo recupera esta actividade artesanal de importante tradición en Galicia, a través dun profundo traballo de investigación das particularidades da cestería de todo o país. Actualmente, Carlos Fontales está traballando coa técnica de mimbres vivos, onde o artesano ten que dirixir a planta para conseguir que a peza se cubra completamente de mimbres. Autor do libro "Cestería de los pueblos de Galicia", editado por Ir Indo en 2005, ven de participar nun proxecto internacional en Dinamarca, Exposición colectiva ao aire libre "Between Sky & Sea", onde xunto con outros artistas crearon auténticas esculturas vivas con fibras vexetais e recicladas.

<http://carlosfontales.blogspot.com>

# AMERICAN PÉREZ/ ANNA CHAMPENEY



## **American Pérez; Natalia Pérez e Jorge Bolado**

American Pérez créase en Xuño de 2008 en Barcelona, e está integrada por Natalia Pérez, e Jorge Bolado Moo. A primeira colección de Américan Pérez foi finalista na Modafad en Setembro de 2008 en Barcelona, repetindo en 2009 coa súa segunda colección "Miami Heat". Gañan o premio L'Óreal no Ego de Cibeles em febreiro de 2010 coa colección "A Woody Place", pasarela na que xa son veteráns presentando as súas seguintes propostas en setembro de 2010 ("Shells and Girls") e este mesmo febreiro de 2011.

<http://www.americanperez.com>



## **Anna Champeney**

Nada en Norfolk, Reino Unido, vive desde fai once anos en Cristosende, onde crea o único estudio de deseño téxtil da Ribeira Sacra, Galicia (España). A súa actividade laboral como historiadora, centrada nos museos, as exposicións e a investigación etnográfica desenvolveuse entre Bristol, Birmingham e Londres, ata que decide deixar esa forma de vida e traballar a felpa galega ao estilo tradicional desde a Ribeira Sacra. Especializada no deseño e elaboración de tecidos con fibras naturais, emprega máis de 10 liños diferentes e elabora a súa propia gama de cores coa extracción artesanal de tintes naturais.

<http://www.textilesnaturales.com/about>



## NANDO CORNEJO/ IDOIA CUESTA



### Nando Cornejo

Iniciou o proxecto Potipoti no ano 2005 xunto con Silvia Salvador, despois de varios anos traballando como director artístico para diferentes estudos en España. Foi a súa faceta como deseñadores de moda e a súa mestría no traballo co punto, a que máis deu que falar nos últimos anos. A súa estética, marcada por unha visión moi peculiar do deseño gráfico que volcan con gran acerto na moda, foi mostrada en exposicións e desfiles en todo o mundo, e publicada en libros como "Fashion Unfolding" ou "Graphics Alive" de Victionary, e revistas como Neo2, Collezioni Sport & Street, Pig ou WAD, de recoñecemento internacional.

<http://www.potipoti.com/>



### Idoia Cuesta

Cesteira nada no País Vasco e afincada en Lugo, é licenciada en Bioloxía, e chegou á artesanía fai máis dunha década a través da investigación dos tecidos. Participou como docente en varios cursos e obradoiros, como "La tradición Reformulada: el valor añadido de la artesanía en el desarrollo del producto contemporáneo" impartido xunto co deseñador Martín Azúa, profesor na Escuela Superior de Diseño Elisava. É autora do libro "Guía de las plantas cesteables de Galicia", editado en el año 2006 polo Centrad (Centro de Artesanía y Diseño de Lugo). Idoia Cuesta conta cun taller en Outeiro de Rei (Lugo), onde investiga a aplicación das técnicas tradicionais de tecido a novos materiais e fibras naturais, buscando innovar na creación de pezas artesanais contemporáneas.

<http://idoiacuesta.com/>

# OBRADOIROS DE CREACIÓN ARTESANÍA/ DESEÑADORES

4, 5 e 6 de xullo de 2011

Casa das Campás/Facultade de Belas Artes

Pontevedra

**inscrición  
20-30 xuño**

Nome ..... Apelidos.....

DNI..... Tfno.....

Correo-e.....

Estudante..... Profesional .....

## OFERTA DE OBRADOIROS

Prazas limitadas (10 prazas por obradoiro)

1. Carlos Díez/ Carlos Manuel Fontales
2. American Pérez/ Anna Champeney
3. Nando Cornejo (poti-poti)/ Idoia Cuesta

Horarios: Luns, martes e mércores de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00

Lugar: Indicarase a aula da facultade onde se realizará cada obradoiro na lista de admitidos

## INDICA A SELECCIÓN DE OBRADOIROS POR ORDE DE PREFERENCIA

1º .....

2º .....

3º .....

. ADXUNTARASE Á INSCRIPCIÓN: **CV, PORFOLIO** COS ÚLTIMOS TRABALLOS MÁIS RELEVANTES, E CARTA DE MOTIVACIÓN PARA A ASISTENCIA Ó CURSO, CO FIN ARGUMENTAR A IDONEIDADE PARA A SELECCIÓN DOS INSCRITOS.

. A dirección do centro fará unha selección dos estudantes inscritos, o **venres 1 de xullo** publicaráse a lista de admitidos para cada Obradoiro nos tablóns de ESDEMGA e na súa páxina web [www.esdemga.uvigo.es](http://www.esdemga.uvigo.es)

. Depositar o formulario para a preinscrición no despacho de ESDEMGA, ou enviándoo ó correo [info.esdemga@uvigo.es](mailto:info.esdemga@uvigo.es)



[www.esdemga.uvigo.es](http://www.esdemga.uvigo.es)